

Acta núm. 23/2019.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 3 de outubro de 2019.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13,30 horas do 3 de outubro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 22/2019, DO 24.09.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 22/2019, DO 24.09.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 24.09.2019, acta núm. 22/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por M^a CARMEN FERNANDEZ BLANCO na que comunica que vai levantar un muro de peche de aproximadamente 26 metros lineais no fronte da parcela, con dúas filas de bloques e arame por enriba, na Avda. de Noia nº 43.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº4 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 18.09.2019, RX 1381121, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:
 - O peche situarase a 8 metros do eixe da AC-543.
 - A parte cega do muro terá unha altura máxima de 1,20 m. e a altura total non será maior de 1,80 m. medida desde a rasante natural do terreo.
- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 - Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 19,13 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 83,70 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO SANDÁ OROÑO, na que comunica que vai facer a seguinte obra nunha vivenda sita en Forxán nº13 – Viceso:

- Lavar e encintar un muro de peche de pedra existente.
- Colocar pedra na fachada da vivenda.

A parcela (0274303NH2407S0001DW) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 52,60 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 52,60 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA MERCEDES CAJUSO FERNÁNDEZ, na que comunica que vai substituír o portalón de acceso á parcela, situado no muro de peche da vivenda sita en Pousada nº15 – Viceso.

A parcela (0659710NH2405N0001AY) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 21,01 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 85,58 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL SÁNCHEZ ÁLVAREZ, na que comunica que vai construír un peche de separación coa vía pública, no lugar de Gundín – Os Ánxeles, de 49 metros lineais, con postes de formigón e arame.

As parcelas onde se pretenden executar as obras, con referencias catastrais nº 5440803NH2454S0001EJ, 5440804NH2454S0001SJ, 5440805NH2454S0001ZJ e 5440806NH2454S0001UJ, atópanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura máxima do peche será de 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.
- O peche situarase a 5,5 m. do eixe do camiño.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 22,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 86,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ZOILO FORMOSO CANCELA e MARÍA TERESA DEL RIO ROMERO, na que comunica que vai limpar e pintar as fachadas da vivenda sita en Perros nº41, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 7037607NH2473N0001BM, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 28,40 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 28,40 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EVARISTO FARIÑA DUBRA, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda situada en Esparís nº 3 – Viceso, substituíndo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (1163301NH2416S0001XS) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 70,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 134,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por TERESA SUÁREZ PAIS, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda sita en Cornanda nº 1 – Cornanda, substituíndo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (7337908NH1473N0001JA) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola

edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Cornanda, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como CE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 39,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 103,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALEJANDRA PERNAS ABAD, na que comunica que vai substituír todas as ventás da vivenda por outras novas para garantir as condicións de estanquidade e illamento, en rúa Vicente Ramos nº37 – Os Anxeles.

A parcela (000300600NH24D00D1QX) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 205,40 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 269,97 euros.

3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A, na que solicita licenza para realizar obras de ampliación de potencia da enerxía eléctrica en Vidaloiro nº 4, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde condutor RZ 50 existente no apoio en apoio de formigón, mediante a realización dun paso aéreo subterráneo ata a situación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 1m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pedro Tizón Barrio, visado no Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, nº 1088/19-CO, do 04/04/2019.

A parcela á que se pretende dar ampliación do subministro de enerxía eléctrica está clasificada como solo de núcleo rural consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM, e se atopa dentro da Aldea de Vidaloiro, integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM: identificada como XBE5.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da Consellería de Cultura e Turismo (Servizo de Xestión Cultural), de data 27.08.2019, expte. 1886/19, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá reponerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 353,83 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,77 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 75,34 euros.

4º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jorge Nimo Silva, que di actuar en representación de JULIO RUIZ JIMENEZ YAÑEZ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Guisande 49, Brión.

Con data 01.03.2018 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Guisande 49, Brión, a Catalina Veiga Fernández e Julio Ruiz Jiménez.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Carlos Mezquita Fernández e Jorge Nimo Silva, con data 10.05.2019, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González